




OS RETOS SEMANAIS DAS PROFES DE INFANTIL DO COLE DE SÁRDOMA



UNHA RECEITA DIVERTIDA

MACEDONIA DE FROITA

ELABORAR UNHA MACEDONIA INCLUINDO (A SER POSIBLE) 4 PEZAS DISTINTAS DE FROITA.

3 ANOS:


ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO AS DISTINTAS FROITAS E DESFRUTANDO DA DEGUSTACIÓN

4 ANOS:

ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO AS DISTINTAS FROITAS E ESCRIBINDO OS INGREDIENTES.

5 ANOS:

ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO AS FROITAS E ESCRIBINDO OS INGREDIENTES E OS DISTINTOS PASOS PARA A SÚA ELABORACIÓN: PELAR, CORTAR, MESTURAR...



UN EXPERIMENTO TOLO!

MANS LIMPAS, VIRUS FÓRA

PARA REALIZAR ESTE SINXELO EXPERIMENTO NECESITAREDES:

- UN PRATO FONDO CHEO DE AUGA CON PEMENTA
- XABÓN DE MANS // XABÓN DE FREGAR A LOZA

PASOS A SEGUIR:

- COLLEMOS UN PRATO E O ENCHEMOS DE AUGA
- UNHA VEZ CHEO DE AUGA, BOTÁMOSLLE PEMENTA (TAMÉN FUNCIONA CON ORÉGANO)
- EXPLICÁMOSLLES AOS NENOS QUE ESAS COUSIÑAS QUE FLOTAN SOBRE A AUGA, SON COMA VIRUS, QUE SON OS QUE FAN QUE NOS POÑAMOS MALIÑOS
- OS NENOS METEN O DEDO NA AUGA, E AS PARTÍCULAS NON SE MOVEN. CANDO SACAN O DEDO LEVAN ALGÚNS "VIRUS PEGADOS".
- COLLEMOS O XABÓN E BOTÁMOLO NO DEDO.
- METEMOS O DEDO NA AUGA E OBSERVAMOS COMO OS VIRUS SE MOVEN, FUXINDO DO XABÓN.



NON TE ESQUEZAS DE GRAVALO! E MÁNDALLO A TÚA PROFE Ó SEU CORREO ELECTRÓNICO!



XOGANDO CA POESÍA

A BRUXA PIRUXA

PODEDES APRENDER ESTA SINXELA POESÍA RELACIONADA CO PROXECTO SOBRE A MAXIA, QUE MANDAMOS COMO UN DOCUMENTO APARTE.

3 ANOS:

OS NENOS DEBERÁN APRENDELA E ATOPAR ALGUNHAS LETRAS: PRIMEIRO LOCALIZAR TODAS AS LETRAS "A", LOGO TODAS AS "E"... E ASÍ CON TODAS AS VOGAIS. LOGO, CONTAMOS CANTAS HAI DE CADA, E FACEMOS XOGOS NUMÉRICOS. QUE VOGAL É A QUE MÁIS SE REPITE?

4 ANOS:

OS NENOS DEBERÁN APRENDELA. PODEN REALIZAR O MESMO XOGO QUE OS NENOS DE 3 ANOS. XOGAR COAS RIMAS. PENSAR PALABRAS QUE RIMEN CON ALGUNHAS PALABRAS DA POESÍA. INTENTAR CREAR UNHA POESÍA SINXELIÑA (4 VERSOS) CAS RIMAS QUE LLE SAÍRON.

5 ANOS:

OS NENOS DEBERÁN APRENDELA. PODEN REALIZAR O MESMO XOGO QUE OS NENOS DE 3 E 4 ANOS. RODEAR AS PALABRAS QUE RIMAN DA MESMA COR. PODEN CONTAR AS LETRAS DE CADA VERSO E AO FINAL, CON PAUS, TRATAR DE AVERIGUAR CANTAS LETRAS TEN A POESÍA.



MANS Á OBRA, ARTISTAS!

ESTAMPANDO O CORONAVIRUS!

O CORONAVIRUS É UN VIRUS MOI INQUEDO QUE SALTA DE CORPO EN CORPO, E FAI QUE NOS ENFERMEMOS. POR ISO DEBEMOS QUEDAR NA CASA. CHÁMASE CORONAVIRUS PORQUE DO SEU CORPO REDONDO SAEN UNHA ESPECIE DE TENTÁCULOS E PARECE QUE TEN FORMA DE COROA. ANIMASTE A PINTALO?

UTILIZAMOS A TÉCNICA DA ESTAMPACIÓN

PODEMOS UTILIZAR CALQUERA MATERIAL QUE TEÑAMOS EN CASA: ESPONXAS, PATACAS CORTADAS Á METADE... O QUE SE VOS OCORRA. OS NENOS DEBEN ESTAMPAR CON TÉMPERA O CORPO REDONDO DO CORONAVIRUS, POÑERLLE OS TENTÁCULOS E DECORALO LIBREMENTE CON DISTINTOS MATERIAIS. SEGURO QUE QUEDA BEN CHULO!



A MOVER ESE ESQUELETE

CANCIÓN SOBRE O CORPO



ESCANÉAME

ESCANEA O CÓDIGO QR CO TEU TELÉFONO MÓBIL. MOITOS TEELFONOS PODEN FACÉLO APUNTANDO Ó CODIGO DIRECTAMENTE CA CÁMARA. OUTROS PRECISAREDES DESCARGAR ALGUNHA APP DE LECTOR DE QR, COMA, POR EXEMPLO: *INIGMA*.

SE NON SODES CAPACES DE ESCANEAR O QR, BUSCADE EN YOUTUBE: *LAS PARTES DEL CUERPO - CANCIONES INFANTILES - CANCIÓN PARA NIÑOS - DOREMILA*

A IDEA É QUE OS NENOS BAIEN A CANCIÓN SEGUINDO A COREOGRAFÍA, QUE E MOI SINXELA. DE PASO, REPASARÁN ALGUNHAS PARTES DO CORPO MOI BÁSICAS E TRABALLARÁN A MOTRICIDADE GROSA E MAIS A COORDINACIÓN DAS DIFERENTES PARTES DO SEU CORPO.